

Don **JOSE LUIS RODRIGUEZ VARELA**, como concelleiro vice-voceiro da Agrupación Municipal do Partido Popular de Monforte de Lemos, ó abeiro da lexislación vixente, presenta os seguintes Rogos e Preguntas para formular no Pleno da Corporación Municipal:

ROGO 1

No último pleno aprobouse o suplemento de crédito e crédito extraordinario no orzamento do concello para o 2024, no cal se contemplan 566.781,70 con concepto Inversións de reposicións en infraestruturas e bens, urbano. Tendo en conta a xestión de este equipo de goberno, é probable que se trate de novo asfalto en máis rúas polo cal, Rogamos antes de arranxar o firme dunha rúa se proceda o arranxo das tubaxes que están soterradas así como se soterre o cableado existente.

ROGO 2

Rogamos que se debroce no COLEXIO DA GANDARA “ O HORTO “, que ten o colexio de VOZ NATURA. Durante quince anos que este HORTO leva en funcionamento sempre se desbrozou por parte dos operarios do concello, sen embargo, este ano se lles dixo que non se desbrozaba .

PREGUNTA 1

Os Toldos parasoles do Campo de fútbol da Pinguela levan estragados bastante tempo, provocando que en épocas de calor moita xente deixe de acudir a ver os partidos de fútbol, xa que a comezos da tempada, houbo incluso un desmaio. Neste pleno se nos dixo que se arranxaría, pero de momento nada sabemos. ¿Como se atopan os trámites para o arranxo dos toldos do campo de fútbol?

PREGUNTA 2

¿Porque na paxina do concello , onde aparecen as fotos de toda a corporación municipal de todos os grupos municipais , despois de case un ano formando parte de esta corporación, os concelleiros novos elixidos como o señor Luaces, a miña compañeira Luisa e un servidor non temos a foto nosa despois de que nos fixeran sacar dúas fotos para poñelas na páxina ?